

Guieiro 195

O cristianismo é esencialmente comunitario. O seguimento de Xesús non é nunca unha aventura individual e solitaria, porque sempre se realiza no ronsel dunha tradición precedente e nunha circunstancia na que, dun ou doutro xeito, con maior ou menor acerto, o Evanxeo segue a predicarse e a Eucaristía a celebrarse. Por iso chama poderosamente a atención a existencia de persoas conscientemente cristiáns que, porén, viven o seu cristianismo á marxe dunha pertenza explícita á grande comunidade eclesial. Hai aquí unha falla que é preciso atender para reconducir esa manifesta anomalía —á que nunca nos deberamos acostumar— e ese monumental desafío —que merece ser tomado en serio— que supón a existencia de cristiáns e cristiás sen Igrexa.

A esta poliédrica cuestión dedicamos o Foro de Encrucillada 2015. Santiago González Avión introduciu o tema sinalando os aspectos máis decisivos: as crises de pertenza á institución son moi antigas no cristianismo e no momento actual revisten, sobre todo en occidente, unha urxencia realmente decisiva.

Fernando Vidal, profesor de Socioloxía na Universidade Pontificia Comillas, ofreceunos un documentado estudo sobre este mesmo fenómeno que el preferiu enfocar desde a «desconexión». Intentou responder a estas cuestións: ¿Cales son os factores que, en España, determinan esa desconexión entre a vivencia individual e a pertenza institucional? ¿Cales son as realidades que resultan fatalmente escindidas con tal desconexión? E, finalmente, ¿cales serían as fontes desde as que se poderían ensaiar modos de reactivar a conexión?

Pepa Torres, profesora de Teoloxía no Instituto Superior de Pastoral da UPSA en Madrid, afrontou o problema sinalando, de xeito construtivo, non só as fendas, rupturas ou abismos infranqueables que caracterizan a situación das persoas sen referentes eclesiais, senón, sobre todo, como se poden transitar por

riba de ditas fendas a través de pontes levadizas doadamente construíbles cunha acaída dose de conversión persoal e estrutural.

Marisa Rodríguez Pereiro, pedagoga, optou por encarar a dificultade do tema enunciado nun combate corpo a corpo. Cun estilo moi persoal e subxectivo foi indicando, contando, narrando, dun xeito distendido e coloquial, as súas propias vivencias, tanto individuais coma colectivas, verbo das tensións e dificultades que, coma cristiá e coma muller, atopa no seguimento de Xesús e na non doada pertenza eclesial. Nomes de amigas, movementos de loita, encontros de mulleres, reivindicacións sociais, etc... déronse cita neste relatorio no que o público puido adiviñar as demandas e desafíos dese grande número de mulleres que se senten rexeitadas pola Igrexa como institución.

En Encrucillada non só ten eco a reflexión teolóxica, senón tamén a praxe pastoral que apunta, polo menos na intención, na dirección da reforma eclesial que levamos décadas intentando alentar. Victor Naveira, crego atípico e orixinal onde os haxa, puxo en marcha un proxecto chamado *OBasileia* (O Reino) que consiste nunha casa de oración construída coa restauración dun cortello nunha parroquia rural do interior de Galicia. Está completamente liberado doutras cargas da pastoral para poder dedicarse en corpo e alma a este proxecto no que xa conectou con xentes de todo tipo e condición. Recollemos neste número a presentación que nos fixo deste proxecto a todos os asistentes ao Foro.

Seguindo co Foro Elvira Santos ofrécenos unha especial crónica del atenta agora a unha banda que non sempre ten cumprido reflexo: a reacción do público, o ambiente, as preguntas, os diálogos logo dos relatorios, os comentarios, as reaccións dos relatores, etc... Outra maneira de reflectir o que alí se viviu.

Dous apuntamentos engadidos: Xosé Manuel Caamaño López sintetiza nunha achega os contidos esenciais da última e importantísima encíclica do papa Francisco *Laudato si'*. Compre ler o documento en cuestión e deixarse cuestionar por el.

Encarna Picoaga, muller sinxela e comprometida coa vivencia do cristianismo, traballadora nas Mulleres Cristiás Galegas é recordada por Engracia Vidal nun In Memoriam escrito tras o seu recente pasamento.

As crónicas de Igrexa, Cultura e Política, xunto con algunha
recensión, os debuxos de Soedade Pite e os índices xerais de
Ramón Raña completan este número final do ano 2015.

Pedro Castelao